

Don Pablo Montero Carrera, secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 6 de xuño de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 14 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.- 2024025116-2024025500).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra adoptado na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de abril de 2024, aprobouse o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

O anuncio de licitación deste concurso público publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 87 de data 3 de maio de 2024 e tamén se publicou no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de maio de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e os anexos deste concurso público.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Rematado o prazo de presentación de ofertas comprobouse que na plataforma de licitación electrónica Vortal non figura presentada ningunha oferta para o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, neste caso o Pleno, declarar deserto o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro, debido a que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición de empresas interesadas na adxudicación das parcelas obxecto de alleamento deste concurso público.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

